

Anuario Estatístico Galicia-Norte de Portugal 2012

RESUMO DE RESULTADOS

O Anuario Estatístico Galicia-Norte de Portugal 2012 é o resultado das relacións de traballo entre o Instituto Galego de Estatística e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte, a través do seu Observatório das Dinâmicas Regionais, que conta coa colaboración do Instituto Nacional de Estatística de Portugal, no que se refire á sección de datos estatísticos e na preparación da metainformación asociada. Tendo en conta as diferenzas existentes entre os sistemas estatísticos dos respectivos países, tratouse de seleccionar as variables para as cales é posible asegurar a necesaria harmonización. Só a comparabilidade da información permite a lectura conxunta das dúas rexións e, en consecuencia, o aprofundamento no estudo das relacións transfronteirizas.

A Eurorrexión está formada pola Comunidade Autónoma de Galicia e a Rexión Norte de Portugal, que comprende as seguintes áreas: Minho-Lima, Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega, Entre Douro e Vouga, Douro e Alto Trás-os-Montes. Estas áreas da Rexión Norte e as catro provincias galegas (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) correspóndense coa desagregación territorial de NUTS III utilizada por EUROSTAT.

Poboación

No ano 2011 residían aproximadamente 6,5 millóns de habitantes nos preto de 51.000 quilómetros cadrados que ocupa a Eurorrexión. Galicia presenta, en principio, unha maior dispersión da poboación con 94,5 habitantes por quilómetro cadrado, mentres que na Rexión Norte a densidade de poboación é de 175,8 habitantes por quilómetro cadrado. Non obstante, existen diferenzas internas dentro das dúas rexións, xa que toda a zona atlántica presenta densidades superiores ás áreas máis orientais.


Superficie, poboación e densidade. Ano 2011

	Eurorrexión	Galicia	Norte de Portugal
Superficie (km ²)	50.860,7	29.574,8	21.285,9
Poboación	6.536.514	2.795.422	3.741.092
Densidade (hab./km ²)	128,5	94,5	175,8
Crecemento da poboación 2002-2011 (%)	2,1	2,1	2,0

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

No que se refire á estrutura por idades, Galicia caracterízase polo alto grado de envellecemento da súa poboación. En 2011, o 22,5% da poboación residente en Galicia ten 65 ou máis anos, fronte ao 16,1% dos residentes na Rexión Norte de Portugal. Complementando a este indicador, o índice de envellecemento móstranos que na Comunidade Autónoma de Galicia residen 194 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 mozos menores de 15 anos. Para a Rexión Norte a relación é de 107 maiores de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 15. Por áreas o envellecemento é moito máis evidente na zona oriental que na franxa atlántica.

Índice de envellecemento. Ano 2011



Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

No ano 2011 en Galicia o saldo vexetativo foi de -8.285 (-53 na Rexión Norte), a taxa bruta de natalidade acadou os 7,9 nacementos por cada mil habitantes (8,6 na Rexión Norte) e a taxa bruta de mortalidade acadou as 10,9 defuncións por cada mil habitantes (8,6 na Rexión Norte) .

Movemento natural da poboación. Ano 2011

	Galicia	Norte de Portugal
Nacementos	21.594	31.525
Defuncións	29.879	31.578
Saldo vexetativo	-8.285	-53
Matrimonios	9.256	13.628
Taxa bruta de natalidade (tanto por mil)	7,9	8,6
Taxa bruta de mortalidade (tanto por mil)	10,9	8,6

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

O mercado laboral

Algo máis de 5,5 millóns de persoas constitúen, en 2011, a poboación en idade laboral da Eurorrexión, das cales 3,3 millóns están clasificadas como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 59,2%. Hai que ter en conta que a idade mínima legal para incorporarse ao mercado laboral é de 15 anos en Portugal e de 16 en España.

A taxa de actividade no Norte é maior que en Galicia: 62,3% fronte o 55,2%, o mesmo ocorre coa taxa de ocupación 54,1% fronte o 45,6%. A taxa de paro acada en Galicia o 17,4% mentres que na Rexión Norte de Portugal é do 13%.

Poboación en relación coa actividade económica. Ano 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Eurorrexión	Galicia	Norte de Portugal
Poboación de 16 ou máis anos	5.558,1	2.377,0	3.181,1
Activos	3.292,0	1.311,2	1.980,8
Ocupados	2.805,4	1.083,0	1.722,4
Parados	486,7	228,3	258,4
Inactivos	2.266,1	1.065,8	1.200,3
Taxa de actividade (%)	59,2	55,2	62,3
Taxa de ocupación(%)	50,5	45,6	54,1
Taxa de paro(%)	14,8	17,4	13,0

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal


No tocante á poboación ocupada, tamén se observan diferenzas estruturais na clasificación segundo o sector de actividade económica.

O sector servizos é o que conta cun maior peso nas dúas rexións, pero en porcentaxes diferentes: o 67,7% dos ocupados galegos traballan neste sector, fronte o 53,3% dos traballadores da Rexión Norte.

En contraposición, a industria ten unha maior importancia na Rexión Norte, cun 26% dos ocupados totais, mentres que en Galicia a porcentaxe de ocupados na industria é do 16,2%.

Pola súa banda, o sector primario dá traballo ao 10,8% dos ocupados da Rexión Norte de Portugal e ao 7,7% de Galicia.

Poboación ocupada por sectores de actividade. Ano 2011



Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Comercio intracomunitario

No ano 2011, Galicia exportou con destino á UE-27 (excluíndo o resto de España) mercadorías por valor de 12.332 millóns de euros, mentres que o valor das mercadorías introducidas foi de 7.283 millóns. Como resultado, a balanza comercial coa UE-27 presenta un superávit de 5.049 millóns de euros. Francia e Portugal son os principais destinos das mercadorías expedidas por Galicia e os principais provedores.

Na Rexión Norte de Portugal, o valor das expedicións con destino á UE-27 (excluíndo o resto de Portugal) superou en 2.533 millóns de euros o valor das introducións. Os produtos exportados por esta rexión teñen como destino principal España e Francia mentres que no tocante as importacións, España é o principal fornecedor da Rexión Norte.

Comercio intracomunitario: expedicións por destino e introducións por orixe. Ano 2011

Millóns de euros

	Galicia		Norte de Portugal	
	Introducións	Expedicións	Introducións	Expedicións
Total	7.283,1	12.331,7	10.606,5	13.139,5
Alemaña	703,3	706,7	1.726,6	2.122,1
Austria	46,7	84,3	114,2	102,3
Bélxica	139,2	283,5	420,8	694,1
Dinamarca	311,7	60,9	55,4	159,9
España	..	..	4.781,1	4.193,8
Finlandia	74,6	128,2	26,3	52,7
Francia	2.042,0	4.888,4	811,4	2.584,5
Grecia	25,1	275,0	28,9	38,8
Irlanda	63,9	76,5	44,5	72,3
Italia	502,4	1.289,2	1.090,6	669,4
Países Baixos	279,3	421,1	640,0	578,2
Polonia	88,3	284,6	65,8	185,4
Portugal	1.810,6	2.478,1	..	..
Reino Unido	675,1	613,7	404,9	1.096,8
República Checa	70,7	48,4	50,4	136,7
Romanía	80,2	150,8	14,8	87,8
Suecia	223,3	163,8	206,9	188,6
Resto UE	146,7	378,5	123,9	176,1

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

En Galicia os produtos máis exportados, atendendo as seccións arancelarias da clasificación TARIC, son: material de transporte (35,7% do valor total das expedicións), as materias téxtiles e as súas manufacturas (17,7%) mentres que os produtos máis importados son o material de transporte (23,6%) e os metais comúns e as súas manufacturas (16,2%).

En 2011, o 20,8% do valor das mercadorías exportadas pola Rexión Norte e con destino a UE-27 eran materias téxtiles e as súas manufacturas. No que se refire ás introducións, o Norte de Portugal importa máquinas, aparellos e material eléctrico (19,9% do valor total das introducións) e metais comúns e as súas manufacturas (14%).

Contas rexionais

Produto interior bruto a prezos de mercado.

	PIBpm (Millóns de euros)		PIBpm per cápita (Miles de euros)		Taxa de variación interanual en índice de volume (%)	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Galicia	57.003	58.001	20,8	21,2	0,1	0,3
Norte de Portugal	48.836	48.403	13,1	12,9	2,7	-1,5

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Nota: os datos de 2010 son provisionais e os de 2011 avance

O produto interior bruto xerado pola economía galega no ano 2011 acadou os 58.001 millóns de euros, o que supón un PIB per cápita a prezos correntes de aproximadamente 21.200 euros. Neste ano o PIB medrou en Galicia un 0,3% con respecto ao ano anterior en termos de índices de volume.

Na Rexión Norte, o PIB para 2011 estímase en 48.403 millóns de euros e o PIB per cápita a prezos correntes en 12.900 euros (8.300 euros menos que en Galicia). O PIB medido en índices de volume decreceu, neste ano, o 1,5%.

Valor engadido bruto a prezos básicos por sector de actividade CNAE-09. Ano 2011

Millóns de euros

	Total	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	52.972	2.579	9.609	6.949	33.835
Norte de Portugal	42.242	649	10.701	2.834	28.058

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Nota: os datos de 2011 son avance

Desde a perspectiva da oferta, na estrutura do valor engadido bruto por sectores de actividade económica, a rama agraria e pesqueira ten un maior peso en Galicia que na Rexión Norte de Portugal (un 4,9% fronte a un 1,5%), mentres que a contribución da industria é maior na Rexión Norte (25,3% na Rexión Norte e 18,1% en Galicia). O sector da construción aporta o 13,1% do VEB galego e o 6,7% do da Rexión Norte. Por último, a importancia do sector servizos é moi similar nas dúas rexións (preto do 65%).

O sector turístico

Un total de 2.881 establecementos (incluíndo establecementos hoteleiros, de turismo rural, campamentos e apartamentos turísticos) forman a oferta turística da Comunidade Autónoma de Galicia e poñen a disposición dos viaxeiros un total de 88.609 prazas. En 2011, un total de 3.785.590 viaxeiros aloxáronse nestes establecementos.

Na Rexión Norte de Portugal, a oferta turística está constituída por 453 establecementos. O número de viaxeiros que en 2011 se aloxaron nalgún establecemento de turismo da Rexión Norte medrou un 3,8% respecto ao ano anterior ata situarse nos 2.641.977.

Establecementos de turismo. Ano 2011

Número

	Establecementos	Prazas	Pernoitas	Viaxeiros
Galicia	2.881	88.609	8.538.670	3.785.590
Norte de Portugal	453	40.156	4.547.011	2.641.977

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

No tocante á procedencia dos viaxeiros, oito de cada dez viaxeiros que en 2011 visitaron Galicia e se aloxaron en establecementos hoteleiros procedían de España. Os visitantes procedentes de Portugal supoñen o 4,5% dos viaxeiros aloxados neste tipo de establecementos.

Viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros segundo o país de residencia habitual.

Ano 2011

Número

	Total	UE-27	España	Portugal	Resto UE-27	América	Outros
Galicia	3.354.068	3.159.713	2.631.462	151.004	377.247	111.097	83.258
Norte de Portugal	2.641.977	2.377.201	294.111	1.635.699	447.391	..	264.776

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

(..) Dato non dispoñible

No caso da rexión Norte de Portugal o 62% dos viaxeiros que se aloxaron en establecementos hoteleiros procedían de Portugal. Os viaxeiros procedentes de España supoñen o 11% dos visitantes desta rexión que se aloxaron neste tipo de establecementos.

Indicadores sociais

No que a saúde se refire, Galicia presenta uns mellores indicadores sanitarios que a Rexión Norte de Portugal. No ano 2010 os establecementos sanitarios con réxime de internado de Galicia contaban cunha cifra de 3,6 camas por cada 1.000 habitantes. No caso da Rexión Norte de Portugal o indicador era de 2,9 camas por cada 1.000 habitantes. Tamén foi superior a ratio de médicos por 1.000 habitantes: 4,6 no caso galego fronte ao 3,7 dos nosos veciños lusos.

A esperanza de vida, indicador que permite realizar comparacións sobre a mortalidade e as condicións de saúde en distintas poboacións, tamén é superior en Galicia. A poboación galega vive, de media, uns 82,2 anos, fronte aos 79,6 anos da poboación da rexión Norte de Portugal. É de salientar que o indicador é superior para as mulleres en ambas rexións; é dicir, as mulleres viven máis anos que os homes a ambos lados da fronteira.

Con respecto ás cifras rexistradas un ano antes, a esperanza de vida incrementouse 0,5 anos entre 2009 e 2010 en Galicia, e 0,3 anos na rexión Norte de Portugal.

Indicadores de saúde

	Galicia		Norte de Portugal	
	2010	Variación respecto ao ano anterior	2010	Variación respecto ao ano anterior
Camas por 1.000 habitantes	3,6	0,0	2,9	0,0
Médicos por 1.000 habitantes	4,6	0,1	3,7	0,2
Esperanza de vida	82,2	0,5	79,6	0,3
Homes	78,8	0,5	76,5	0,3
Mulleres	85,6	0,5	82,4	0,3

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Nota: o indicador camas por 1000 habitantes refírese á dotación en funcionamento. No indicador médicos por 1000 habitantes considéranse os médicos colexiados segundo a provincia de colexiación (datos referidos a 31 de decembro).

No apartado de educación, dispoñemos dun indicador, o de abandono educativo temperán, que permite realizar comparacións entre os niveis educativos a un lado e ao outro da fronteira galego-portuguesa. Este indicador defínese como a porcentaxe de mozos de entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa, e tampouco segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). En 2011 esta porcentaxe foi do 20,8% en Galicia, 2,2 puntos menos que na Rexión Norte de Portugal. O diferencial entre ambas porcentaxes diminuíu enormemente no último ano: en 2010 o indicador portugués era 7,8 puntos superior ao galego. A razón desta diminución estriba en que o indicador do

abandono educativo temperán da Rexión Norte de Portugal experimentou unha caída de 7,9 puntos porcentuais entre 2010 e 2011.

Outro indicador moi utilizado para analizar o estado do sistema educativo en ambas rexións é a porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos que alcanzaron a educación superior: en Galicia é do 45%, namentres que na rexión Norte de Portugal sitúase no 23,5%. Como se desprende da táboa de abaixo, en ambas rexións a porcentaxe de mulleres con educación superior supera á de homes: o 50,2% das mulleres galegas de 30 a 34 anos e o 27,2% das súas homólogas na Rexión Norte de Portugal posúe educación superior, fronte ao 36,4% dos varóns galegos e o 19,9% dos residentes ao outro lado da fronteira.

Indicadores de educación

Porcentaxe

	Galicia		Norte de Portugal	
	2011	Variación respecto ao ano anterior	2011	Variación respecto ao ano anterior
Abandono educativo temperán	20,8	-2,3	23,0	-7,9
Homes	25,5	-2,3	28,6	-9,5
Mulleres	15,8	-2,5	17,1	-6,3
Persoas de 30 a 34 anos con educación superior	45,0	1,3	23,5	-
Homes	36,4	-0,3	19,9	-
Mulleres	50,2	-0,6	27,2	-

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Nota: (-) Non procede. O abandono educativo temperán calcúlase como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Este indicador corresponde, no caso portugués, ao indicador estrutural Abandono precoce de educação e formação (indicador anteriormente designado por Abandono escolar precoce). No caso da porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con educación superior, non é posible realizar a comparación do indicador portugués co de anos anteriores debido a que no 2011 iniciouse unha nova serie de datos do Inquérito ao Emprego, fonte da que procede a información, que impide a comparativa directa.

Un último apartado que debemos analizar para gozar dunha visión completa da situación socioeconómica a ambos lados da fronteira é o estado do sistema de pensións en ambas rexións. Durante o ano 2011 o Instituto Nacional da Seguridade Social pagou en Galicia preto de 6.900 millóns de euros en concepto de pensións contributivas. O 68,8% deste importe destinouse ao pago de pensións de xubilación. Na Rexión Norte de Portugal, o importe pagado polo Ministério da Solidariedade e da Seguranga Social en concepto de pensións foi de 4.402,1 millóns de euros. Tres cuartas partes desta partida (o 75,6%) destinouse ao pago de pensións de vellez (ás homólogas das nosas pensións de xubilación).

Con respecto ao acontecido un ano antes, en 2010, ambas rexións Galicia e o Norte de Portugal viron incrementada a contía percibida en concepto de pensións contributivas: un 3,6% no caso galego e un 3,2% no caso portugués.

O número total de pensións pagadas en 2011 na Rexión Norte de Portugal ascendeu a 989,9 miles de pensións, fronte ás 731,2 miles de Galicia. Polo tanto, se efectuamos a división do importe pagado en ambas rexións polo número total de pensións, obtemos que o importe medio por pensión é máis baixo na rexión portuguesa que na galega: 4.447 euros ao ano por pensión no Norte de Portugal, fronte ao 9.435,2 de Galicia.

Pensións contributivas da Seguridade Social/Segurança Social e importe pagado

Miles de pensións, millóns de euros e porcentaxe

	Galicia		Norte de Portugal	
	2011	Taxa de variación respecto ao ano anterior	2011	Taxa de variación respecto ao ano anterior
Número total de pensións	731,2	0,9	989,9	1,9
Por xubilación	450,8	1,0	644,0	2,9
Importe total das pensións	6.899,0	3,6	4.402,1	3,2
Por xubilación	4.749,6	4,0	3.328,6	4,1

Fonte: Anuario estatístico Galicia-Norte de Portugal

Nota: no caso portugués, o total de pensionistas corresponde ao número de pensionistas a 31 de decembro, sumado ao número de pensionistas suspensos ao longo do ano. As cantidades rexistradas inclúen os valores das pensións e complementos a estas que o pensionista recibe.

Pódese consultar o anuario completo en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_seccion_gnp.jsp?codigo=0502

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>